



Montse Fajardo: "As mulleres maltratadas non teñen culpa de nada. Só deron cun tipo que resultou ser un criminal"

[Montse Dopico](#) 21 xaneiro 2018

<https://praza.gal/cultura/montse-fajardo-as-mulleres-maltratadas-non-tenen-culpa-de-nada-so-deron-cun-tipo-que-resultou-ser-un-criminal>

Sete mulleres vítimas de maltrato eríxense en protagonistas noutros tantos descarnados relatos que Montse Fajardo recolle no seu novo libro, *Invisibles*, editado por Matriarcas e o concello de Pontevedra. A autora de *Un cesto de mazás* volve ollar o mundo desde a perspectiva das mulleres ás que, tantas veces, a sociedade nega a voz. Mais o seu obxectivo non é só visibilizalas a elas. É, desta volta, poñer o foco neles, os maltratadores. No que son quen de facer por impor un dominio sobre elas que cren que lles corresponde. Por imperativo patriarcal.

Foi unha proposta túa, da concellería de Igualdade....?

As dúas cousas, en realidade. Unha vez estaba falando en facebook sobre o libro que publiquei antes deste, *Un cesto de mazás*, que fala sobre a represión franquista desde o punto de vista das mulleres. Unha amiga preguntoume que cando ía facer un libro sobre a violencia machista e eu pensei que si, claro, que tiña que facelo. Comenteino un día no concello de Pontevedra coma un proxecto a facer a longo prazo. A idea chegou aos ouvidos de Carme Fouces, a concelleira de Igualdade, e un día díxome: "vas facer ese libro, pero para a campaña do 25 de novembro". A min non me parecía posible porque tiña só seis meses, pero tiveron a sorte de formar parte dun equipo no que estabamos Carme, Rosa Campos, que é a psicóloga do Centro de Información á Muller do concello, e eu, e finalmente si foi posible.

Tiñamos claro que o obxectivo era escoitalas a elas, que elas fosen as protagonistas. Tamén que no libro debían aparecer as distintas tipoloxías de maltrato: o físico, o psicolóxico... e que tiña que levar un foco especial nas criaturas. E que había que darlles visibilidade non só a elas, senón aos maltratadores. Porque non pensamos neles, mais calquera podería ser: o profesor do teu fillo, o condutor do autobús, o panadeiro que che vende o pan todos os días... Tiñamos que tentar visibilizar unha serie de condutas que acaban levando á problemática da violencia machista.

Quen non é visible no libro es ti mesma. Non hai limiar nin epílogo teu, aínda que ti fixeches as entrevistas e escribiches os relatos. Desapareces. Por que?

Noutros libros escribín un epílogo ou un pequeno texto, polo menos, para o final, pero desta volta as protagonistas tiñan que ser elas, eu tiña que desaparecer. En realidade nunca desapareces de todo porque es ti quen fai o relato e fas escollas: salientas o que máis te impacta... pero eu non tiña que ter protagonismo ningún. Ademais, a implicación do concello de Pontevedra foi total, maior da que eu esperaba, máis alá do 25 de novembro. O libro leva unha introdución do alcalde, un limiar de Carme Fouces... E eu penso que entre os relatos e os textos que leva pode axudar a mulleres vítimas do maltrato a comprender que o que lles pasou ou o que lles pasa pásalles a todas as mulleres que viven a súa mesma situación.

Como conseguiches acceder ás mulleres? Supoño que a través do CIM, polo menos parte delas. Imaxino que ese aspecto sería máis case como un traballo de investigación académico que un traballo puramente xornalístico. Algo máis demorado e complexo.

Dunha parte das historias souben a través do CIM, mais eu tamén tiña bastante claro o que quería. Eu traballei no Faro de Vigo, e o caso de Mari Luz Pose impactárame moito. El, Jaime Maiz, era garda civil, e no momento en que ela se decide a denuncialo, vai poñer a denuncia cunha amiga e el pégalle un tiro. É un caso excepcional pero, claro, fíxome pensar. Para as mulleres é moi difícil dar o paso de denunciar pero, se o fan, está o sistema preparado para o que elas precisan? Casos coma ese, ou o de Tina, unha muller maior asasinada polo seu home cando ían facer as vodas de ouro. Ou o caso dunha muller adulta que vivira o maltrato de nena... Quería que estivesen casos coma estes.

Non para representar perfís porque non hai perfil nin de maltratada nin de maltratador, senón porque pode pasarlle a calquera persoa, e a cuestión é ter as ferramentas para saír iso. Nese sentido, penso que o epílogo de Rosa pode axudar. De todas maneiras, despois dun primeiro contacto telefónico xa tivemos que meternos no tema na primeira entrevista, porque non había máis tempo. Eu estoulles moi agradecida por iso ás mulleres coas que falei porque foron moi xenerosas e valentes. Choraban, unha tivo unha reacción alérxica ao lembralo todo ao contarmo. Imaxina: eu era consciente de que ao contarmo era como se se lles volvease remover todo por dentro... Lembro cando chamei a Marga.

O seu ex, José Luis Deus, asasinou o bebé de ambos prendéndolle lume á furgoneta cunha bombona. Era un caso que eu tamén coñecía pola prensa. Chameina varias veces e non collía. Un domingo pola mañá colleume e eu explíqueille o que quería: que estaba a escribir un libro... Ela contoume catro cousas de Pablo, o neno, e eu tiven que estar toda a tarde deitada debaixo do edredón. Pensei que non ía poder facer o libro. Foi brutal. Para todas as mulleres que entrevistei foi moi duro falar comigo. Pero é que, ademais, unha vez escrito o relato pásillelo para que o lesen, por suposto. E houbo un momento en que case todas se volveran atrás. Despois decidiron que adiante, atrevéronse, e eu estoulles fondamente agradecida. Non é o mesmo contar o que viviches, por duro que sexa, que velo escrito.

Se cadra tamén porque o teu relato, aínda que recollese o que elas che contaron, lles facía tamén velo desde outra perspectiva... E decatarse de cousas das que se cadra non se decataran, non sei.

Penso que iso está ben explicado no relato de Ana. Vai a unha psicóloga para tentar resolver os seus “problemas de parella” e ela dille: “Nin ti nin eu somos parvas, e iso que me contas é un maltrato claro”. Non é que elas nunca se viran tal como eu as presento. Elas son, ademais, duras

consigo mesmas. Pensan que foron parvas, que fixeron mal... Pero velo todo xunto nun relato e pensar: “todo isto pasoume a min”, é difícil. Os relatos teñen elipses, voltas adiante e atrás, porque foi así como elas me contaron as súas historias. Pero ver o relato ordenado, con todo recollido, eu entendo que tamén é duro para elas. Aínda que tamén tivo, penso, un certo efecto curativo.

Eras xa unha persoa concienciada mais, como mudou esta experiencia a túa visión sobre o maltrato?

Eu xa non era da xente que di: “a min nunca me pasaría iso”. Nin moito menos. Pero si que é verdade que hai preguntas que te fas, cousas que non entendes, e que ao falar con elas si chegas a comprender. Ás veces facémonos preguntas ou xulgámolas alegremente, sen saber do que falamos. Pensa neses tópicos do tipo: “a min pegárame unha vez, pero non dúas”. Ao falar con elas, ao ver o maltrato desde a súa perspectiva, ves o duro que pode ser, sobre todo para as que son nais.

Nun dos casos que recollo no libro, ela decide seguir co maltratador ata que os nenos sexan un pouco maiores para evitar que queden sós con el. Outra decide deixalo, pero o xuíz establece un réxime de visitas do pai e ela ten que enviar os nenos con el sabendo que lles pega e que abusa sexualmente da nena. A nai non pode non envialos con el porque iría ela presa e entón os nenos quedarían todo o tempo con el. Cando di que o pai os maltrata, non lle fan caso. Ten que escoller entre o horror e o inferno. Sabendo esas cousas, ves casos como o de Juana Rivas con outros ollos. Ti es quen coñece ao teu ex. Sabes o que é quen de facer. No libro, os nomes de tres mulleres están cambiados porque aínda están a ser acosadas, ameazadas...

Hai unha reflexión moi importante que sae no relato de Ana. “Estudan o perfil psicológico da vítima. Pero ti non es vítima porque encaixes no papel. Es porque deches cun criminal”.

Penso en Eva, por exemplo. Unha muller intelixente, culta, guapa, co seu propio negocio... Unha muller que chama a atención. Pois comeza a contarche as malleiras que levaba... Ela non tiña dependencia económica del. Tiña dependencia afectiva dun tipo que pasou de aparentar ser un home marabilloso a ser o peor. Cando me contou que, dez días despois de que el lle rompese un brazo, lle desprazase dúas vértebras e lle rompese o tímpano, ao volver atoparse con el, ouriñouse enriba, comprendino. Paréceme unha imaxe devastadora. Ela estaba psicoloxicamente devastada.

Non hai perfil de vítima. No libro hai mulleres de distintas idades, do rural e da cidade, de distintos niveis de estudos, moitas delas son independentes economicamente... É algo que pode pasarlle a calquera e é moi importante dicilo, porque elas pensan que foi culpa delas por ser parvas, por escoller mal, porque tragarón demais, porque lles contestaban e iso facía que eles se enfadasen, porque non fixeron caso das alarmas cando comezaron a notar cousas que non encaixaban... E todo iso é moi inxusto. Igual que dicir que é culpa delas por escoller homes que van de duros. Hai maltratadores que son, de cara para fóra, homes moi tranquilos, bos veciños...

As mulleres maltratadas non fixeron nada mal. O único que lles pasou é que namoraron daquel tipo que parecía marabilloso e que resultou ser un criminal. É o maltratador o que fai mal. Ti non fixeches nada. Hai que deixar de xulgar as vítimas. A Ana un amigo avogado preguntalle que problema psicológico ten para que lle pase iso... E non é así. É como ter un accidente. Pode pasarlle a calquera. Non podemos evitar que pase, pero se pasa si temos que saber como saír. E ten que haber medios para que a sociedade apoie as mulleres.

Un dos moitos aspectos tratados no libro é o das denuncias cruzadas para disfrazar o maltrato.

Iso vémolos no día a día. Din que hai moitas denuncias falsas, que son mulleres “despechadas”... É falso. Non só é que haxa que reunir moito valor para ir denunciar. É que as denuncias falsas son unha de cada mil. Mais o dato importante é que só o 20% dos casos de maltrato se denuncian. Por que non poñer o foco nesa cifra en lugar de noutra que representa unha excepción?

No caso de Mari Luz, el pégalle, e unha vez cando el vai darlle unha labazada ela ten un vaso na man, tirallo e faille un pequeno corte na meixela. Jaime acaba pegándolle un tiro cando ela se decide a denunciar. Antes diso, só había dúas denuncias: unha do fillo, que denuncia que o pai lle pega á nai. E outra era a del contra ela polo do vaso. Mais, cantas mulleres matan a súa parella? É comparar unha pandemia con algo que do punto de vista estatístico é irrelevante. Aproveitan cousas que son unha anécdota, coma unha muller que unha vez lle dá unha patada a un home nunha discusión, para dicir que o maltrato son esaxeracións de feminazis.

No caso de Tina, o discurso que nega a violencia de xénero, que a trata como variedade da “violencia doméstica”, alegaría que o problema eran os ciúmes do home. Eses factores nunca imputables ao patriarcado: o alcohol, a loucura, o mal carácter...

Eu teño querenza polo capítulo de Tina. As nosas avoas e as nosas nais recibiron unha educación determinada. No franquismo, os roles que se ensinaban ás nenas eran os da ideoloxía machista da Sección Femenina. E iso tivo e ten un grande peso. A muller estaba para servir o home, e se ía a un puticlub era porque tiña necesidades que ti como muller non podías entender. O home de Tina facía o posible por tela controlada. Obrigouna a ir para Holanda coa escusa de que ían traballar alí, pero alí non había traballo para ela e ela tiña que quedar metida na casa. Poñía en dúbida a paternidade dun dos seus fillos... e acabou matándoa.

Educábanas así, para que seguisen ao seu home e renunciase a ter vida propia. E aínda hoxe non é igual para unha muller que para un home. É habitual que unha muller se sinta culpable se o fillo ten unhas décimas de febre e ela está no traballo. Un home entende que ten que ir traballar e deixa o neno coa avoa sen problema. O mesmo pasa cos ascensos no traballo... Os homes teñen certas potestades, certos dereitos, que ás mulleres non se lles recoñecen socialmente. Non nos relacionamos desde o campo da igualdade, senón desde o da diferenza. E cando nos sublevamos é cando é peor, porque os maltratadores defenden os roles patriarcais de xeito violento. Vivimos nunha sociedade aínda moi machista e moi patriarcal, e niso segue a ter moito peso a herdanza do franquismo.

En varios dos casos que escolles non hai violencia física. Hai maltrato psicolóxico. Insultos, humillacións, control, manipulación, facerlles crer que están tolas... Parece especialmente perverso o caso do home de Irene. Desfacía todo o que ela facía para facela quedar coma unha inútil e unha irresponsable.

A min hai algo que me pareceu brutal, que é cando me contan que cando levan a primeira labazada decátanse de que levan moito tempo maltratándoas. Eduardo tiraba a comida da neveira para que parecese que non había nada que comer na casa cando había visitas, tiraba a roupa da lavadora polo chan cando ían á casa amigos dos nenos... É un caso especialmente perverso, si. Algo propio dun sociópata.

Pegáballes aos nenos e o xuíz obrigaba a nai a seguir levándoos con el polo réxime de visitas, despois de separáranse... E a ela seguía acosándoa. Facía cousas como mandarlle mensaxes

dicíndolle que horas eran de chegar á casa, mandarlle por carta o ticket dunha cafetería na que acababa de estar ela, facerlle 45 días chamadas nun día... Imaxina como debe ser que a túa nena de cinco anos che diga que te odia porque a mandas cun home que a maltrata. Ela collía a nena no colo e a nena dáballe puñazos porque non entendía que á nai a obrigaba o xuíz... Ela perdeu o seu traballo porque tiña que estar todo o día no xulgado, poñendo denuncias e denuncias para nada.

Ademais deste caso, hai outros comportamentos dos maltratadores especialmente sorprendentes. Como un que o recoñece todo pero di que iso non é maltrato.

No caso de Marga, cando a fiscal lle pregunta por que matou o seu bebé, el di que é que ela non lle colleu o teléfono. As mulleres maltratadas, como explica Rosa no epílogo, queren ir polas boas, pero chega un momento no que teñen que poñer un límite. El utilizaba o fillo para estar perto dela. Cando ela lle di que non son un pack, que pode estar co fillo pero non con ela, el mata o fillo un día que ela se resiste a ceder á súa chantaxe emocional e non lle colle o teléfono. Cando comeza a preocuparse de verdade vai á garda civil e non lle fan caso porque el está dentro do horario de visitas. E el préndelle lume á furgoneta co fillo dentro. Os maltratadores consideran que elas están baixo o seu dominio e se non obedecen “castíganas”.

O que o admite todo pero o considera normal é o de Ana. Parécelle normal chamarlle puta, romperlle a vaixela da avoa, acusala de todos os seus problemas, romper cousas por toda a casa, soltar as mans do volante un día que vai con ela e cos nenos no coche, ameazala cun coitelo... Pero di que nunca a maltratou porque nunca lle pegou. Considera que foi todo normal porque estaba discutían e el enfadábase. Así é a educación patriarcal.

Un dos aspectos que salienta Rosa no epílogo é que el non vai cambiar.

Non vai volver ser o suposto príncipe azul do que namoraches. Hai un tipo de violencia -como a denunciada na campaña *primacoso*- que as mulleres sofren por seren mulleres. Hoxe mesmo a portada da Voz dicía que as mulleres cobran un 22% menos que os homes. É a desigualdade propia do patriarcado, que está na orixe de todo. E cando saen as actrices de Hollywood a protestar, din que son unhas feminazis e unhas radicais porque seica hai que deixar que che metan man, que iso é galantería.